
**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA
TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS
DA CORUÑA CELEBRADA O XOVES, DÍA 30 DE NOVEMBRO DE 2015**

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 12:50 horas do luns día 30 de novembro de 2015 coa seguinte orde do día:

1. Aprobación de Actas
2. Informe do Director
3. Execución do presuposto de 2015
4. Asignación de bolsellos da Escola
5. Convocatoria e Orde do día da próxima Xunta de Escola
6. Quenda aberta de palabra

ASISTEN OS SRES:

PROFESORES

Baldomir García	Aitor
Carro López	Diego
Casteleiro Maldonado	Manuel
Colominas Ezponda	Ignasi
Delgado Martín	Jordi
Domínguez Pérez	Xabier
Galán Díaz	Juan José
Martínez Abella	Fernando
Martínez Lage	Isabel
Orro Arcay	Alfonso
París López	José
Pena Mosquera	Luis

ESTUDANTES

Dacosta Tapia	Jorge
Pire Pardo	Luis

PERSOAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

EXCUSA

Herrador Barrios	Manuel F.
------------------	-----------

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

1. Aprobación de actas

Apróbase a acta da reunión anterior.

2. Informe do director

Comeza o informe coas novas incorporacións ó persoal docente da Escola, en primeiro lugar destaca a incorporación do Sr. Luís Ramírez e do Sr. Iván Couceiro como profesores interinos de substitución da área de matemática aplicada. Continúa explicando que a prolongada estadia do profesor Luís Cea deu lugar á convocatoria dunha praza de profesor asociado a tempo parcial que foi ganada polo Sr. David Hernáez. Comenta tamén a promoción da profesora Ana Rodríguez Pasandín á situación de Axudante Doutor, contrato que tamén acada a profesora Sindy Seara. No que respecta ó persoal de Administración e Servizos, a Sra. Mónica Amigo pediu traslado a INEF polo que se incorporou no seu lugar a Sra. Rosa María Vences. O director expresa a súa felicitación ó persoal que se incorpora e o agradecemento ó saínte.

Continúa o informe tratando os datos de matrícula de novos estudantes, neste ano os datos foron os seguintes: no GEOP, incorporáronse 55 alumnos e no GTECIC 40, por último, no MECCP matriculáronse 64 estudantes.

O seguinte tema é a situación do Edificio da Área Científica, no cal é precisa a contratación de un Auxiliar de servizo, existe unha conserxería que se atende actualmente e de maneira provisoria desde a Escola e desde a Facultade de Informática. Será preciso cambiar a RPT para dotar de persoal estable xa que polo de agora estase contratando a persoas con contratos provisionais por 3 meses.

O último tema é o da formación dunha comisión da Udc sobre a reestruturación organizativa de centros e departamentos. Reuniuse dúas veces, a primeira reunión foi a de constitución da propia Comisión. Na segunda reunión prevíase a aprobación do réxime de funcionamento de dita Comisión. Continuará a informar deste tema cando haxa novidades.

3. Execución do Presuposto de 2015

Describe as diferentes partidas e a súa execución ó longo do ano, indicando que se executou todo o gasto. Na última reunión da Permanente aprobouse unha proposta para axustarse á retención de crédito que fixo a Reitoría para poder funcionar normalmente ata rematar o exercicio de 2015. Ese axuste provocou que durante o final de ano a situación fose difícil desde unha perspectiva presupostaria. En canto á Biblioteca, quedaron dous reducidos remanentes, trátase de fondos que quedaron bloqueados por IVE ou por axustes das aportacións da Reitoría.

Fixéronse provisións de gastos esenciais para as necesidades que hai en decembro e xaneiro ata que se abra o presuposto de 2016.

4. **Asignación de bolseiros da Escola**

Toma a palabra o profesor Luís Pena, indica que hai tres bolseiros seleccionados pola UdC por expediente académico e ós que hai que asignar tarefas nos laboratorios docentes da Escola. Tras realizar unha consulta cos estudantes sobre as súas preferencias e as peticións das áreas, proponse:

Nome	1º Cuadrimestre	2º Cuadrimestre
Mario de Lucio Alonso	Lab. Construción	Lab. Estruturas
Juan Antonio Gómez Pallares	Lab. Ambiental	Lab. Enx. Terreo
Sara Pereira Iglesias	Lab. Hidráulica	Lab. Camiños

Apróbase

5. **Convocatoria e Orde do día da Próxima Xunta de Escola**

A orde do día que se propón sería a seguinte:

1. Actas
2. Informe do Director
3. Premios extraordinarios fin de carreira
4. Informes de quinquenios docentes de profesores da Escola
5. Quenda Aberta de Palabra

A data seleccionada sería o próximo mércores 9 de decembro ás 13:00, non se pode realizar o xoves dado que ese día é o último para os Premios Extraordinarios.

6. **Quenda aberta de palabra**

Consulta o estudante Jorge Dacosta sobre se os estudantes de setembro entran nestes premios. O Director indica que esta normativa ven dada pola UdC e que os premios se outorgan ós mellores expedientes e por cada curso académico.

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 13:15 do 30 de novembro de 2015.

Vº. Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico